

Anexo 6. Actividade “Sumas ou Restas”

FICHA RECORTABLE

Activa o radar TDX! Está en ti

- Recortade pola liña de todas as frases que se recollen e distribuíde, baixo o voso propio criterio, cales credes que suman e cales credes que restan para vivir unha identidade de xénero libre de estereotipos. Pensade, ademais, outras prácticas que contribúan a sumar e outras a restar.

COUSAS QUE **SUMAN** PARA VIVIR A IDENTIDADE DE XÉNERO
NON HEXEMÓNICA (LIBRE DE ESTEREOTIPOS)

COUSAS QUE **RESTAN** PARA VIVIR A IDENTIDADE DE XÉNERO
NON HEXEMÓNICA (LIBRE DE ESTEREOTIPOS)

Os homes teñen as mesmas responsabilidades que as mulleres no traballo de coidados e no fogar.

As mulleres poden ser valentes.

Homes e mulleres expresan as súas emocións e dialogan sobre o que lles pasa.

As mulleres poden triunfar no sector que se propoñan, son decididas e perseguen os seus obxectivos académicos e laborais.

Tanto mulleres coma homes saben dialogar para a resolución de conflitos.

Os homes poden sentir medo e expresalo.

Os homes non choran, non saben expresar as súas emocións.

As mulleres non teñen forza.

Non lles gusta o exercicio.

Os homes son brutos, dálles igual todo.

As mulleres preocúpanse moito pola aparencia e a estética.

Os homes son competitivos por defecto e sempre conseguen o que queren.

As mulleres son empáticas por natureza, gústalles escoitar aos demais.